



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
sede.ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA
04-05-2022

No salón de Plenos da Casa do Concello de Pontevedra (A Coruña) ás 09: 08 horas do día 4 de maio de 2022, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D^a. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ

D^a MARÍA TERESA CHOUCIÑO CALVETE

SECRETARIA: D^a. ANTÍA PENA DORADO

INTERVENCIÓN: non asiste

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1.- Aprobación de actas anteriores.-

Aprobación da acta da sesión ordinaria do 20-04-2022. Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha observación, non existindo enténdese aprobada por unanimidade.

6.-Petición e aceptación de subvencións.

6.1 .- Dación de conta da Resolución de Alcaldía 294/2022 pola que se solicita a subvención da Secretaría Xeral de Formación Profesional para entidades locais territoriais para a creación de aulas de formación aberta, flexible e a distancia a través da “AULA MENTOR”

Polo que por parte da presidencia expónse a resolución de Alcaldía 314/2022 de 02 de maio que no seu literal di:

“RESOLUCIÓN

Asunto: solicitude de subvención da Secretaría Xeral de Formación Profesional para entidades locais territoriais para a creación de aulas de formación aberta, flexible e a distancia a través da “AULA MENTOR”

ANTECEDENTES:

Logo de ver a Resolución da Secretaría Xeral de Formación Profesional pola que se convocan axudas a entidades locais territoriais e entidades públicas dependentes das entidades locais territoriais para a creación de aulas de formación aberta, flexible e a distancia mediante tecnoloxías da información e comunicación a través da Aula Mentor, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, publicado extracto da convocatoria no BOE núm. 77 do xoves 31 de marzo de 2022.

Visto o expediente tramitado ao efecto de solicitude de subvención para a creación de aulas de formación aberta, flexible e a distancia "Aula Mentor" (exp.:2022/A008/000026).

O Ministerio de Educación e Formación Profesional para a creación da "Aula Mentor" concederá 4.000€ por entidade beneficiaria.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e demais normativa concordante.

Considerando a atribución concedida ó alcalde polo artigo 21.1. da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e a resolución de Alcaldía núm. 374/2019, do 26-06-2019, de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local e a resolución de Alcaldía núm.283/2020 de modificación das competencias delegadas na XGL por Alcaldía por Resolución 374/2019.

Considerando o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público sobre avocación de competencias.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Avocar, de conformidade co artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a competencia delegada na XGL, única e exclusivamente para a solicitude de subvención da Secretaría Xeral de Formación pola que se convocan axudas a entidades locais territoriais e entidades públicas dependentes das entidades locais territoriais para a creación de aulas de formación aberta, flexible e a distancia mediante tecnoloxías da información e comunicación a través da Aula Mentor, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, motivada pola urxencia da súa solicitude e ante a imposibilidade de celebrar XGL nesta semana e dar conta á XGL na vindeira sesión que se celebre.

SEGUNDO. Solicitar unha subvención para a creación dunha aula de formación aberta, flexible e a distancia mediante tecnoloxías da información e comunicación a través da Aula Mentor ao abeiro da convocatoria da Secretaría Xeral de Formación para o ano 2022.

TERCEIRO. Aceptar os requisitos xerais e específicos para a activación da Aula Mentor establecidos na Resolución da Secretaría Xeral de Formación Profesional pola que se convocan axudas para a creación de aulas de formación aberta, flexible e a distancia mediante tecnoloxías da información e comunicación a través da Aula Mentor.

CUARTO. Declarar, para dar cumprimento aos requisitos dos Anexos V, VI, VII

- o Que o concello de Ponteceso non ten obrigas por reintegro de subvención, conforme ao artigo 25 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones.
- o Que coñece a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento(UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- o Que manifesta o compromiso da entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento da normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar o fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

- o Que se compromete a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente .
- o Que manifesta que non incorre en dobre financiación e que, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas do Estado.

QUINTO. Facultar ao alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas para a execución do presente acordo.

SEXTO. Remitir a solicitude da dita subvención, xunto coa documentación precisa, ao Ministerio de Educación e Formación Profesional..

SÉTIMO: Dar conta desta Resolución ó Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electronicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.(...)”

A XGL dáse por enterada.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 09:10 do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinandoa xunto co alcalde.

O Alcalde

A secretaria

Asdo.: D. Xosé Lois García Carballido

Asdo: D^a Antía Pena Dorado

Documento asinado electrónicamente ao marxe.